

na Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, e conterá para cada un dos orzamentos que nel se integren:

a) Os estados de gastos, nos que se incluíran, coa debida especificación, os créditos necesarios para atender ó cumprimento das obrigas.

b) Os estados de ingresos, nos que figurarán as estimacións dos distintos recursos económicos que se vaian liquidar durante o exercicio.

Así mesmo, incluírá as bases de execución, que conterán a adaptación das disposicións xerais en materia orzamentaria á organización e circunstancias da propia entidade, así como aquelas outras necesarias para a súa acertada xestión, establecendo cantas prevencións se consideren oportunas ou convenientes para a mellor realización dos gastos e recadación dos recursos, sen que poidan modifica-lo lexislado para a administración económica nin comprender preceptos de orde administrativa que requiran legalmente procedemento e solemnidades específicas distintas do previsto para o orzamento.»

Disposición transitoria única.

A determinación do obxectivo de estabilidade orzamentaria no Estado e o sistema de Seguridade Social realizarase conxuntamente en tanto non se culmine o proceso de separación de fontes deste último.

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei.

Disposición derradeira primeira. *Remisión ás Cortes Xerais do proxecto de lei xeral orzamentaria.*

O Goberno remitirá ás Cortes Xerais no prazo de seis meses a partir da publicación desta lei un proxecto de lei xeral orzamentaria.

Disposición derradeira segunda. *Carácter básico da lei.*

1. Esta lei, aprobada ó abeiro do disposto nos artigos 149.1.13.^a e 149.1.18.^a da Constitución constitúe a lexislación básica do Estado, agás o disposto no capítulo II do seu título II.

2. Así mesmo, esta lei apróbase ó abeiro das competencias que os artigos 149.1.11.^a e 149.1.14.^a da Constitución atribúen de xeito exclusivo ó Estado.

Disposición derradeira terceira. *Carácter básico das normas de desenvolvemento.*

As normas que, en desenvolvemento desta lei, aprobe a Administración xeral do Estado terán carácter de básicas cando constitúan o complemento necesario respecto das normas que teñan atribuída tal natureza conforme a disposición derradeira segunda.

Disposición derradeira cuarta. *Desenvolvemento normativo da lei.*

1. Facúltase o Goberno da Nación, no ámbito das súas competencias, para que aprobe as normas regulamentarias previstas nesta lei. Así mesmo, o Goberno da Nación poderá dicta-las medidas necesarias para

garanti-la efectiva implantación dos principios establecidos nesta lei.

2. As normas de elaboración dos orzamentos xerais do Estado, así como dos escenarios orzamentarios pluri-anuais aprobaranse por orde do Ministerio de Facenda.

Disposición derradeira quinta. *Facendas forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo conforme o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra mediante unha disposición de rango legal.

2. Sen prexuízo do establecido nesta lei e das competencias do Consello de Política Fiscal e Financeira en relación co obxectivo de estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas, regulado no artigo 6.3 da Lei orgánica complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria, establecerase un procedemento que resulte adecuado á natureza específica do réxime foral do propio País Vasco.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor da lei.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2002 e será aplicable ós orzamentos que deban elaborarse a partir desa data.

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 12 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

23632 LEI ORGÁNICA 5/2001, do 13 de decembro, complementaria á Lei xeral de estabilidade orzamentaria. («BOE» 299, do 14-12-2001.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

A Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, ten por obxecto establece-los principios rectores ós que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público para a consecución da estabilidade e crecemento económicos, no marco da Unión Económica e Monetaria, así como a determinación dos procedementos necesarios para a aplicación efectiva do principio de estabilidade orzamentaria, de acordo cos principios derivados do Pacto de Estabilidade e Crecemento, e en virtude da competencia do Estado respecto das bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Como se di na exposición de motivos da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, nun país tan descentralizado coma España a fixación dun obxectivo de estabilidade orzamentaria de alcance limitado ó sector

público estatal non permitiría lograr en plenitude os saudables efectos que para a economía española poden derivarse do proceso de consolidación orzamentaria.

Esta lei orgánica ten por obxecto establecer mecanismos de coordinación entre a Facenda Pública estatal e as das comunidades autónomas en materia orzamentaria, como prevé o propio artigo 156.1 da Constitución, e complementa a Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, instrumentándose nunha norma autónoma ó revestir, a diferenza daquela, o carácter de lei orgánica.

Non obstante o anterior, a propia denominación desta lei pretende expresa-lo feito de que a interpretación e aplicación de ámbalas leis deberá producirse sempre de forma unitaria, sendo as dúas normas instrumentos ó servizo de idénticos obxectivos de política económica.

Naturalmente, o principio de autonomía financeira, que o artigo 156.1 da Constitución española lles garante ás comunidades autónomas, obriga a que esta lei orgánica, unha vez definido con carácter básico pola Lei xeral de estabilidade orzamentaria o obxectivo común a tódalas administracións públicas de adoptar un marco de estabilidade orzamentaria a partir do exercicio 2001, lles deixe a estas a capacidade de adopta-las medidas necesarias para acadalo, permitíndolles igualmente decidir se o obxectivo pode lograrse cunha política de incremento dos ingresos públicos ou de redución dos gastos, e sen que poida recorrerse a unha maior emisión de débeda pública como forma de financiamento.

Esta lei orgánica é de aplicación a tódalas comunidades autónomas. No caso de Navarra, a aplicación desta lei levarase a cabo conforme o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e melloramento do réxime foral de Navarra, mediante unha disposición de rango legal, e para o País Vasco arbítrase un procedemento adecuado ó seu réxime foral especial.

II

O artigo 1 desta lei orgánica define a súa natureza e obxecto, establecendo o seu carácter complementario respecto da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria. Por outra parte, esta lei articula os mecanismos xurídicos de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas ó servizo dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

O artigo 2 da lei enumera os principios de estabilidade orzamentaria, plurianualidade, transparencia e eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, tal e como aparecen definidos na Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria. Estes principios serán aplicables ás comunidades autónomas na forma prevista na presente lei orgánica.

O artigo 3 desta lei orgánica establece as medidas necesarias para o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria por parte das comunidades autónomas.

O artigo 4 recolle o principio de corresponsabilidade das comunidades autónomas co resto das administracións públicas en caso de incumprimento das obrigas asumidas por España fronte á Unión Europea como consecuencia do Pacto de Estabilidade e Crecemento.

Os artigos seguintes establecen, co máximo respecto ó principio de autonomía financeira das comunidades autónomas, os mecanismos xurídicos necesarios para asegura-la consecución do obxectivo de estabilidade orzamentaria por parte das comunidades autónomas.

Compatibilízanse así, dunha banda, o deber do Estado de garanti-lo equilibrio económico interno e externo co ámbito de autonomía financeira que o noso ordenamento xurídico, e basicamente o artigo 156 da Constitución, lles atribúe ás comunidades autónomas.

De acordo co disposto no artigo 5 desta lei orgánica, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas está chamado a desempeñar un papel clave na coordinación da política orzamentaria do Estado e das comunidades autónomas ó servizo do principio de estabilidade orzamentaria, debendo concreta-lo obxectivo de equilibrio orzamentario para cada unha delas. De feito, e en virtude da presente lei, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas asume novas e moi relevantes funcións para asegura-lo cumprimento dos obxectivos de estabilidade que se fixarán para as distintas administracións públicas. O relevante papel do Consello en materia de estabilidade orzamentaria manifestouse, en primeiro termo, ó ser sometida á súa consideración a presente lei, en forma de anteproxecto.

Como resultado da regulación contida no artigo 6 desta lei orgánica, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas deberá emitir informe sobre o obxectivo de estabilidade que se estableza para o conxunto das comunidades autónomas, adoptará un acordo sobre determinación dos obxectivos individuais para cada unha delas e decidirá acerca da idoneidade das medidas contidas nos plans de corrección económico-financeira que aquelas deberán presentar en supostos de desequilibrio orzamentario.

Todo isto determinou a necesidade de proceder á reforma da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, como se fai na disposición adicional desta lei.

Como instrumento ó servizo do desenvolvemento das novas funcións que se lle atribúen ó Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, o artigo 7 desta lei prevé a posibilidade de que o Ministerio de Facenda poida solicitar das comunidades autónomas a información que permita a medición do grao de realización do obxectivo que a cada unha lle corresponda acadar conforme as normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Trátase dunha manifestación do principio de cooperación sancionado no artigo 2 da Lei 12/1983, do 14 de outubro, do proceso autonómico.

As comunidades autónomas que incorran en situacións de desequilibrio deberán elaborar un plan económico-financeiro para a súa corrección, de acordo co disposto no artigo 8 desta lei orgánica.

Pola súa parte, o artigo 9 ten por obxecto a autorización do Estado ás comunidades autónomas para realizar operacións de crédito ou emisión de débeda, establecéndose que terá en conta o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, tratando de limita-la capacidade de endebedamento, e o correlativo incremento da carga financeira dela derivada, ás administracións públicas que incumprisen os seus obxectivos de estabilidade orzamentaria. Tendo en conta que a regulación xeral do recurso á débeda pública das comunidades autónomas forma parte do conxunto normativo da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, a disposición adicional contén as modificacións normativas precisas da dita lei orgánica, que fan posible a efectiva aplicación dos obxectivos desta lei.

O artigo 10 da lei crea unha central de información dependente do Ministerio de Facenda, que provexa dos datos necesarios sobre operacións de crédito, emisión de débeda ou calquera outra apelación ó crédito ou asunción de riscos e as cargas financeiras delas derivadas concertadas polas comunidades autónomas e demais suxeitos delas dependentes.

Por último, e en virtude do disposto no artigo 11 desta lei orgánica, as comunidades autónomas serán competentes para adopta-las medidas necesarias para

garanti-lo cumprimento do principio de estabilidade respecto dos suxeitos comprendidos no artigo 2.2 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, que dependen delas.

Esta lei orgánica péchase coa precitada disposición adicional, que modifica a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras. A primeira delas remite, para o caso de Navarra, ó procedemento establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, mediante unha disposición de rango legal, e para o País Vasco, a un futuro desenvolvemento a articulación dun réxime procedementa específico. Finalmente, a segunda, prevé a data de entrada en vigor desta norma, que será o 1 de xaneiro de 2002.

Artigo 1. *Natureza e obxecto da lei.*

Esta lei orgánica é complementaria da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, e establece os mecanismos xurídicos de cooperación entre o Estado e as comunidades autónomas ó servizo dos obxectivos de estabilidade orzamentaria.

Artigo 2. *Principios xerais.*

Os principios de estabilidade orzamentaria, plurianualidade, transparencia e eficiencia na asignación e utilización de recursos públicos, tal como aparecen definidos na Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, serán aplicables ás comunidades autónomas na forma prevista nesta lei orgánica.

Artigo 3. *Cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria polas comunidades autónomas.*

1. As comunidades autónomas poderán adoptar as medidas legislativas e administrativas que consideren convenientes para logralo obxectivo de estabilidade orzamentaria nos termos previstos nesta lei orgánica e na Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria. En todo caso, estarán obrigadas a adecuala súa normativa orzamentaria ó obxectivo de cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria.

2. O Goberno da Nación, sen prexuízo das competencias do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, velará polo cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria en todo o ámbito do sector público.

3. As situacións excepcionais de déficit orzamentario que puidesen afectar ás comunidades autónomas deberán ser xustificadas mediante a exposición das causas que as ocasionan e a identificación dos ingresos e os gastos que as producen, e requirirán a formulación dun plan económico-financeiro de saneamento a medio prazo para a súa corrección, co contido e alcance previstos nesta lei orgánica.

Artigo 4. *Responsabilidade financeira derivada do incumprimento dos compromisos adquiridos por España ante a Unión Europea en materia de estabilidade orzamentaria.*

As comunidades autónomas que, incumprindo as obrigas contidas nesta lei orgánica ou os acordos que, na súa execución, fosen adoptados polo Ministerio de Facenda ou polo Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, provoquen ou contribúan a produci-lo incumprimento das obrigas asumidas por España fronte á Unión Europea como consecuencia do

Pacto de Estabilidade e Crecemento, asumirán na parte que lles sexa imputable as responsabilidades que de tal incumprimento se derivasen.

No proceso de asunción de responsabilidade financeira a que se refire o parágrafo anterior garantirase, en todo caso, a audiencia da Comunidade Autónoma afectada.

Artigo 5. *Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas.*

O Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas actuará como órgano de coordinación entre o Estado e as comunidades autónomas para dar cumprimento ós principios rectores desta lei orgánica. Tanto o Consello como as comunidades autónomas nel representadas deberán respectar, en todo caso, o obxectivo de estabilidade orzamentaria previsto no artigo 8 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.

Artigo 6. *Obxectivo de estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas.*

1. A fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria para o conxunto das comunidades autónomas, mediante o acordo previsto no artigo 8.1 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, requirirá informe previo do Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas.

2. O Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas disporá dun mes para a emisión do informe previo ó acordo ó que se refire o epígrafe anterior. Este prazo contarase a partir da recepción da proposta de acordo na Secretaría Permanente do Consello.

3. No prazo dun mes desde a aprobación por parte do Goberno do obxectivo de estabilidade orzamentaria nas condicións establecidas no artigo 8.1 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas determinará o obxectivo de estabilidade orzamentaria correspondente a cada unha das comunidades autónomas.

4. Se no prazo previsto no epígrafe anterior o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas non acadase un acordo sobre os obxectivos individuais de estabilidade orzamentaria, cada unha delas estará obrigada a elaborar e liquidalos seus orzamentos en situación, polo menos, de equilibrio orzamentario, computada nos termos previstos no artigo 3.2 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.

Artigo 7. *Subministración de información.*

O Ministerio de Facenda, para os efectos de comprobalo cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, poderá solicitar das comunidades autónomas a información que permita a medición do grao de realización do obxectivo que a cada unha lle corresponda alcanzar de acordo coas normas do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.

Artigo 8. *Corrección das situacións de desequilibrio.*

1. As comunidades autónomas que non aprobasen os seus orzamentos en situación de equilibrio, de conformidade co disposto no artigo 6.3 desta lei orgánica, estarán obrigadas a elaborar un plan económico-financeiro de saneamento a medio prazo para a corrección desta situación. Este plan será aprobado, se é o caso, pola asemblea legislativa da comunidade autónoma se a súa normativa propia así o esixe.

2. O plan económico-financieiro conterá a definición das políticas de ingresos e de gastos que deberá aplica-la comunidade autónoma para corrixi-la situación de desequilibrio nos tres exercicios orzamentarios seguintes.

3. O plan económico-financieiro para a corrección do desequilibrio remitiráselle ó Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas no prazo dun mes desde a aprobación dos orzamentos da comunidade autónoma que incorra en posición de desequilibrio.

4. O Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas comprobará a idoneidade das medidas contidas no plan a que se refiren os epígrafes anteriores, e a adecuación das súas previsións ó obxectivo de estabilidade que se fixase para as comunidades autónomas.

5. Se o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas considerase que as medidas contidas no plan presentado non garanten a corrección da situación de desequilibrio, o Consello, a través da súa Secretaría Permanente, requiriralle á comunidade autónoma a presentación dun novo plan, no prazo de vinte días.

6. O Ministerio de Facenda será o órgano responsable do seguimento das actuacións encamiñadas á corrección do desequilibrio, para o cal poderá solicitar ás comunidades autónomas a información a que se refire o artigo 7 desta lei orgánica.

7. No suposto de que unha comunidade autónoma liquide os seus orzamentos incumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria, deberá presentar un plan de saneamento económico-financieiro, nos vinte días seguintes á aprobación da liquidación. Se o Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas considerase que as medidas contidas no plan non garanten a corrección da situación de desequilibrio, requirirase a presentación dun novo plan.

8. Cando concorran condicións económicas, imprevistas no momento da aprobación do plan económico-financieiro, a comunidade autónoma poderalle remitir ó Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas un plan rectificativo do plan inicial, que se tramitará de acordo co procedemento previsto neste artigo.

Artigo 9. *Autorización de operacións de crédito e emisión de débeda.*

A autorización do Estado ás comunidades autónomas para realizar operacións de crédito e emisións de débeda, en cumprimento do establecido no artigo 14.3 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, terá en conta o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria fixados en cada caso, así como o resto das obrigas establecidas nesta lei orgánica.

Artigo 10. *Central de información*

1. O Ministerio de Facenda manterá unha central de información, de carácter público, que provexa de información sobre as operacións de crédito, a emisión de débeda ou calquera outra apelación de crédito ou asunción de riscos e as cargas financeiras delas derivadas, concertadas pola Administración das comunidades autónomas e demais suxeitos dela dependentes, a que se fai referencia no artigo 2.1.c) e 2.2 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.

2. Para estes efectos, os bancos, caixas de aforros e demais entidades financeiras, así como as distintas administracións públicas, remitirán os datos necesarios, na forma que se determine regulamentariamente.

3. O Banco de España colaborará cos órganos competentes do Ministerio de Facenda mediante a submi-

nistración da información que reciba relacionada coas operacións de crédito das comunidades autónomas.

4. Con independencia do anterior, os órganos competentes do Ministerio de Facenda poderán requirirille ó Banco de España a obtención doutros datos concretos relativos ó endebedamento das comunidades autónomas nos termos que se fixen regulamentariamente.

Artigo 11. *Réxime aplicable ós entes de dereito público comprendidos no artigo 2.2 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria.*

As comunidades autónomas serán competentes para adopta-las medidas necesarias que garantan o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria tal como se define no artigo 3.3 da Lei 18/2001, xeral de estabilidade orzamentaria, corrixiendo as situacións de desequilibrio que puidesen producirse, e respecto dos suxeitos enumerados no artigo 2.2 daquela lei.

Disposición adicional única. *Modificación da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas.*

Un. Modifícase a letra b) do número 1 do artigo 2 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, que queda redactado nos seguintes termos:

«b) A garantía do equilibrio económico, a través da política económica xeral, de acordo co establecido nos artigos 40.1, 131 e 138 da Constitución, correspóndelle ó Estado, que é o encargado de adopta-las medidas oportunas tendentes a conseguir a estabilidade económica interna e externa e a estabilidade orzamentaria, así como o desenvolvemento harmónico entre as diversas partes do territorio español. Para estes efectos, entenderase por estabilidade orzamentaria a situación de equilibrio ou de superávit, computada en termos de capacidade de financiamento, de acordo coa definición establecida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.»

Dous. O número 2 do artigo 3 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, pasa a te-la seguinte redacción:

«2. O Consello de Política Fiscal e Financeira das Comunidades Autónomas, como órgano de coordinación do Estado e as comunidades autónomas en materia fiscal e financeira, entenderá das seguintes materias:

a) A coordinación da política orzamentaria das comunidades autónomas coa do Estado.

b) A emisión dos informes e a adopción dos acordos previstos na Lei orgánica 18/2001, complementaria da Lei xeral de estabilidade orzamentaria.

c) O estudo e valoración dos criterios de distribución dos recursos do Fondo de Compensación.

d) O estudo, a elaboración, se é o caso, e a revisión dos métodos utilizados para o cálculo dos custos dos servizos transferidos ás comunidades autónomas.

e) A apreciación das razóns que xustifiquen, en cada caso, a percepción por parte das comunidades autónomas das asignacións orzamentarias, así como os criterios de equidade seguidos para a súa afectación.

f) A coordinación da política de endebedamento.

g) A coordinación da política de investimentos públicos.

h) En xeral, todo aspecto da actividade financeira das comunidades autónomas e da Facenda do Estado que, dada a súa natureza, precise dunha actuación coordinada.»

Tres. O número 3 do artigo 14 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, queda redactado nos seguintes termos:

«3. Para concertar operacións de crédito no estranxeiro e para a emisión de débeda ou calquera outra apelación de crédito público, as comunidades autónomas precisarán autorización do Estado. Para a concesión da referida autorización, o Estado terá en conta o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria definido no artigo 2.1.b) da presente lei.

Con relación ó que se prevé no parágrafo anterior, non se considerarán financiamento exterior, para os efectos da súa preceptiva autorización, as operacións de concertación ou emisión denominadas en euros que se realicen dentro do espazo territorial dos países pertencentes á Unión Europea.

En todo caso, as operacións de crédito a que se refiren os epígrafes un e dous anteriores precisarán autorización do Estado cando da información subministrada polas comunidades autónomas se constate o incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.»

Catro. Modifícase o número 1 do artigo 21 da Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, nos seguintes termos:

«1. Os orzamentos das comunidades autónomas terán carácter anual e igual período que os do Estado, atenderán ó cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, incluírán a totalidade dos gastos e ingresos dos organismos e entidades integrantes dela, e neles consignarase o importe dos beneficios fiscais que afecten a tributos atribuídos ás referidas comunidades.»

Disposición derogatoria única.

Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto nesta lei orgánica.

Disposición derradeira primeira. *Facendas forais.*

1. En virtude do seu réxime foral, a aplicación á Comunidade Foral de Navarra do disposto nesta lei levarase a cabo conforme o establecido no artigo 64 da Lei orgánica de reintegración e amelloramento do réxime foral de Navarra, mediante unha disposición de rango legal.

2. Sen prexuízo do establecido na presente lei acerca das competencias do Consello de Política Fiscal e Financeira en relación co obxectivo de estabilidade orzamentaria das comunidades autónomas, regulado no artigo 6.3 desta lei orgánica, establecerase un procedemento que resulte adecuado á natureza específica do réxime foral propio do País Vasco.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor da lei.*

Esta lei entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2002 e será aplicable ós orzamentos que empecen a elaborarse a partir desta data.

Por tanto,
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 13 de decembro de 2001.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

MINISTERIO DE FACENDA

24076 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.* («BOE» 303, do 19-12-2001.)

Advertidos erros no texto do Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento número 14 en lingua galega, do 1 de novembro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, procédese a efectuar as seguintes rectificacións:

Na páxina 1163, columna 1, artigo 4.1, liña 9:

Onde di: «Na delegación...».
Debe dicir: «A delegación...».

Na páxina 1167, columna 2, artigo 28, parágrafo sétimo:

Onde di: «...F-2, de diques...».
Debe dicir: «...F-2, diques...».

Na páxina 1170, columna 1, artigo 35.1, letra d), liña 2:

Onde di: «...subgrupo de que».
Debe dicir: «...subgrupo de que se trate, correspóndelle ó contratista conforme o».

Na páxina 1170, columna 1, artigo 35.2, parágrafo 1, liña 2:

Onde di: «...no número 7 dará...».
Debe dicir: «...no número 1 dará...».

Na páxina 1170, columna 2, artigo 36.3, liña 5:

Onde di: «...ó contratista...».
Debe dicir: «...do contratista...».

Na páxina 1171, columna 2, artigo 37.1 grupo O, subgrupo 2, liña 2:

Onde di: «...autovías e calzadas».
Debe dicir: «...autovías, calzadas e vías férreas».

Na páxina 1171, columna 2, artigo 37.1 grupo P:

Onde di:

«Subgrupo 1. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións eléctricas e electrónicas.

Subgrupo 2. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de fontanería, conduccións de auga e gas.

Subgrupo 3. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de calefacción e aire acondicionado.

Subgrupo 4. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de telecomunicación.

Subgrupo 5. Mantemento e reparación de equipamentos e instalacións de electromedicina.